

Informe sobre a viabilidade dunha modificación simplificada do Plan especial do conxunto histórico de Ribadavia, co obxecto de suprimir a Comisión de Seguimento prevista no artigo 16 das Normas de Procedemento do Plan especial (Concello de Ribadavia, Expediente XCP-25/067)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 24.12.2025 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 76846/RX 3581826) oficio asinado polo Alcalde de Ribadavia no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

"O Casco histórico de Ribadavia conta cun Plan Especial do Conxunto Histórico de Ribadavia, aprobado definitivamente por acordo do pleno de 25 de febreiro de 1999, e publicado no Boletín Oficial da Provincia de 19 de abril de 1999.

Dito Plan Especial, no seu Título III "Normas de procedemento", prevé no artigo 16 unha comisión de seguimento. Suliñar que a comisión de seguimento, en todo caso, se limita a aprobar ou ratificar os informes técnicos emitidos, e a existencia da comisión ralentiza moi notablemente a concesión de licenzas no ámbito.

Tendo en conta a normativa de rango legal vixente a data, en particular a filosofía de axilización e simplificación de trámites que late na modificación da Lei 5/2014 de patrimonio cultural de Galicia, efectuada pola Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026.

Se formula a seguinte consulta:

¿Resultaría viable, legalmente, tramitar unha modificación simplificada do Plan Especial do Conxunto Histórico de Ribadavia, (ao abeiro do artigo 16.1 da Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia), substituíndoa polo procedemento establecido no artigo 142.2.b) da Lei do Solo de Galicia, en que os informes técnicos municipais deberían pronunciarse expresamente sobre a valoración e xustificación do cumprimento dos criterios de intervención establecidos no propio Plan Especial e na lexislación de patrimonio cultural, mantendo a tramitación no relativo a protección do patrimonio arqueolóxico e ao informe do arqueólogo municipal?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.



SEGUNDA.- O Concello de Ribadavia conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente de forma parcial por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 29.11.2021. O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 18.12.2019 e a normativa no *Boletín Oficial da provincia de Ourense* do 23.03.2020.

O documento técnico contou coa aprobación provisional polo Pleno municipal do 02.02.2016, data anterior á entrada en vigor da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), circunstancia que explica, dacordo coa disposición transitoria segunda desta Lei, que o PXOM de Ribadavia estea integramente adaptado ás determinacións dispostas na derogada *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*.

En consecuencia, este instrumento conserva a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á LSG consonte ás regras establecidas no primeiro apartado da súa disposición transitoria primeira, aplicables aos municipios con planeamento non adaptado a Lei e adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*.

TERCEIRA.- O 25.02.1999 o Pleno municipal aprobou definitivamente o Plan especial do núcleo histórico do Concello de Ribadavia. Consta publicada a aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia* do 18.03.1999 e a súa normativa urbanística no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* do 19.04.1999.

Este instrumento figura delimitado no PXOM como a área de planeamento incorporado "API-01 PEPRI DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA". Conforme ao artigo 3.1 da Normativa do Plan xeral, no ámbito delimitado do Conxunto Histórico Artístico de Ribadavia será de aplicación íntegra a normativa do PEPRI vixente. Así mesmo, se recollen no PXOM as determinacións que o PEPRI establece sobre o seu contorno inmediato de protección.

O artigo 6.3.1 da Normativa do PXOM tamén establece a seguinte determinación relativa a ampliación do ámbito orixinal:

"1. Dado que a Consellería de Cultura ten proposto nunha fase moi avanzada do PXOM á ampliación significativa do seu ámbito, tense decidido manter a ordenación proposta (e xa exposta ao público e as administracións) nas zonas de ampliación (a respecto da delimitación do PEPRI vixente) como ordenación transitoria mentres non se redacte un novo PEPRI. Mentres tanto no ámbito do PEPRI aprobado do Conxunto Histórico Artístico de Ribadavia será de aplicación íntegra a súa propia normativa."

2. A nova delimitación para un futuro PEPRI é a que se recolle na ficha correspondente no Anexo do Documento de Xestión da presente normativa, e que abrangue a totalidade do novo contorno de protección que delimita o PXOM para o Conxunto Histórico Artístico de Ribadavia."



Así mesmo, segundo consta na web do Instituto Galego de Vivenda e Solo, <https://arigvs.xunta.gal/es/node/90#containerInfo> o ámbito do Plan especial coincide coa Área de Rehabilitación de Centro Histórico declarada o 8 de xuño de 1999.

CUARTA.- O Concello de Ribadavia consulta sobre a viabilidade da tramitación dunha modificación simplificada do Plan especial de protección do núcleo histórico, ao abeiro do artigo 16.1 da *Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia*, (LRRRUG) co obxecto de eliminar a esixencia de informe da Comisión de Seguimento nos supostos de intervención urbanística establecidos no artigo 16 da normativa do Plan especial, mantendo no seu caso a regulación para o patrimonio arqueolóxico.

En primeiro lugar cabe sinalar que os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións exixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81 da LSG e 196 do seu regulamento.

Así mesmo, conforme ao artigo 179.6 do RLSG, aos plans especiais de protección correspóndenlles, entre outras determinacións, o establecemento das medidas adecuadas, como por exemplo a regulación dos usos permitidos, compatibles ou prohibidos, das actuacións e obras permitidas e prohibidas sobre os elementos ou ámbitos protexidos, e outras que se xulguen necesarias para garantir a protección e conservación, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial correspondente.

Logo, para os efectos de garantir a adecuada tutela sobre o patrimonio cultural, nada obsta a regular como contido determinativo propio dos plans especiais de protección, a previsión dunha comisión de índole técnica, constituída con profesionais que posúan formación específica en materia de protección e conservación do patrimonio cultural, para o asesoramento previo ao outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística.

En todo caso, esa regulación non deriva de ningunha esixencia prevista na normativa urbanística vixente, polo que ten carácter potestativo no marco legal urbanístico, podendo o planeamento establecer outras medidas distintas que se consideren necesarias para garantir a protección e conservación, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial correspondente.

En consecuencia, consonte aos artigos 74 e 83 da LSG, en exercicio das súas competencias para a formulación dos plans especiais o concello pode proceder á modificación da normativa urbanística, sempre que resulte compatible coa normativa sectorial de aplicación, establecendo o artigo 83.1 da Lei que calquera modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico haberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente fundamentadas.

QUINTA.- Segundo o artigo 83.5 da LSG considéranse modificacións non substanciais do planeamento urbanístico aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que non



supoñan aumento do aproveitamento lucrativo; non modifiquen a clasificación do solo; non incrementen a edificabilidade global do ámbito e non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas.

A súa vez, o artigo 83.6 da LSG establece as modificacións non substanciais do planeamento se tramitarán mediante o procedemento simplificado previsto nos artigos 16 a 18 da LRRUG.

E dado que a modificación incide na tutela sobre o patrimonio cultural non procede un pronunciamento sobre a súa viabilidade pois, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, polo que non pode resolver por vía de informe cuestións relativas á aplicación da normativa sectorial en materia de patrimonio cultural.

Noutro suposto, de acordo co artigo 83.6 da LSG a revisión do planeamento e as súas modificacións suxeitarase ás mesmas disposicións establecidas para a súa tramitación e aprobación do artigo 75 desa Lei.

CONCLUSIÓN

1.- O contido determinativo esixible no artigo 179.6 do RLSG á figura do plan especial de protección habilita para establecer a previsión dunha comisión de índole técnica, constituída con profesionais que posúan formación específica en materia de protección e conservación do patrimonio cultural, para o asesoramento previo ao outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística.

Sen prexuízo do establecido na normativa sectorial correspondente, esa regulación ten carácter potestativo no marco legal urbanístico, podendo o planeamento establecer outras medidas distintas que se consideren necesarias para garantir a protección e conservación obxecto do plan especial.

2.- Ao abeiro dos artigos 74 e 83 da LSG, o concello pode modificar o plan especial de protección no exercicio das súas competencias para formular o planeamento urbanístico, establecendo o artigo 83.1 da LSG que calquera modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico haberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente fundamentadas.

Segundo o artigo 83.5 da LSG considéranse modificacións non substanciais do planeamento urbanístico aquelas de escasa entidade e de alcance reducido que non supoñan aumento do aproveitamento lucrativo; non modifiquen a clasificación do solo; non incrementen a edificabilidade global do ámbito e non incidan negativamente na funcionalidade das dotacións públicas. Neste caso e por referirse á tutela do patrimonio cultural, deberá contar co informe favorable do organismo sectorial correspondente.



O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.